



PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

1º, 2º, 3º E 4º ESO

EDUCACIÓN FÍSICA



ÍNDICE.

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN. INCLUSIÓN DA EDUCACIÓN FÍSICA NO CURRÍCULUM, 3
2. MARCO LEGAL, 4
3. CONTEXTUALIZACIÓN, 5
4. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE, 6
5. OBXECTIVOS, 9
6. CONTIDOS, 11
7. MATERIAIS E RECURSOS, 39
8. CONTRIBUCIÓNS ÓS PLANS E PROGRAMAS DO CENTRO, 40
9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS, 41
10. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS, 42
11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, 44
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES, 46
13. AVALIACIÓN E CALIFICACIÓN, 47
 - 13.1. AVALIACIÓN INICIAL, 47
 - 13.2. CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORIZACIÓN, GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS, 48
 - 13.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN, 57
 - 13.4. ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE, 58
 - 13.5. REFERENCIA ÁS SESIÓNS DO PERÍODO DO 6 Ó 22 DE XUÑO DE 2022: PROBAS, ACTIVIDADES DE APOIO, REFORZO, RECUPERACIÓN, AMPLIACIÓN E TITORIZACIÓN, 59
 - 13.6. INDICADORES DE LOGRO PARA EVALUAR O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE, 60
14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN. PROCESOS DE MELLORA, 62
15. RELACIÓN COAS FAMILIAS, 63
16. PROGRAMACIÓN DE AULA E TEMPORIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS, 64
17. ADAPTACIÓNS DA PROGRAMACIÓN A DIFERENTES ESCENARIOS, 69
 - 17.1. ENSINO PRESENCIAL, 69
 - 17.2. ENSINO SEMIPRESENCIAL, 69
 - 17.3. ENSINO NON PRESENCIAL, 70



1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN. INCLUSIÓN DA EDUCACIÓN FÍSICA NO CURRÍCULUM.

Esta programación é un documento coherente, dinámico, flexible, creativo, plural, prospectivo, sistemático e funcional; está deseñada para desenvolverse no instituto público IES Carral, na localidade de Carral (A Coruña), para os cursos 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria.

A sociedade da información e do coñecemento na que estamos inmersos trae consigo unha nova maneira de entender a educación. Este cambio supón pasar dunha educación académica-individual a unha sociedade da aprendizaxe, baseada en competencias, cuxo desempeño é fundamental para afrontar os retos que o alumnado deberá abordar en diversas situacións ou contextos ao longo do seu ciclo vital.

Estes retos requiren unha maior especialización dos centros e docentes para dar cobertura e solución ás necesidades e cuestións expostas polo alumnado nunha sociedade cambiante e en constante evolución debido a avances tecnolóxicos, o acceso á información e a actitude do noso alumnado ante iso.

A nosa sociedade, e en concreto o noso alumnado, caracterízase por un aumento do sedentarismo e tensión, consecuencia de cambios, hábitos e formas de vida actuais (influenciados polos devanditos avances tecnolóxicos e os últimos acontecementos que nos obrigaron a permanecer en confinamento); isto conleva unha diminución das capacidades e funcións corporais. A este aspecto, a Organización Mundial da Saúde (OMS) recomenda a realización de exercicio físico nestas idades durante un tempo de 60 minutos ao día:

(<https://www.who.int/es/publications/i/item/9789241599979>).

Este novo enfoque na concepción da educación xustifica reformular un novo modo de entender a Educación Física. O currículo competencial demanda que a nosa materia vaia máis aló da iniciación deportiva e práctica física e recreativa. O reto está en contextualizar o sentido dos seus contidos disciplinares no marco dunha escola comprometida cunha educación de calidade, inclusiva, máis participativa e respectuosa co medio ambiente e as demais persoas, empregando diversas metodoloxías que enriquezan a bagaxe intelectual e motora do alumnado.

Por iso, e a través desta Programación, axuntarán esforzos as familias, o centro docente e demais actores sociais relacionados, potenciando o valor da Educación Física no ámbito educativo (posto que o ser humano é un ser social que necesita moverse, relacionarse, xogar e aprender), atendendo á diversidade do alumnado, cunha visión holística e interdisciplinar, e un carácter práctico e vivencial. Dese modo, estaremos fomentando no alumnado e as súas familias un estilo de vida activo, saudable e autónomo.

O fío condutor desta Programación baséase en tres piares: potenciar a igualdade, a inclusión e o traballo cooperativo; todo iso apoiado en dous principios: valorar a Educación Física dentro dun estilo de vida activo, saudable e autónomo, e involucrar ás familias na Educación Física e deportiva.

2. MARCO LEGAL.

Para desenvolver esta Programación tómase de referencia a normativa xeral vixente para Galicia:

- Lei Orgánica 2/2006, de Educación.
- Lei Orgánica 8/2013, de Mellora da Calidade Educativa.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2021-2022, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da ESO e do bacharelato nos centros docentes.
- Resolución do 1 de setembro de 2021 das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade, e de Sanidade, pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”.
- Protocolo de adaptación ao contexto da Covid19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022.

3. CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta Programación está deseñada para o IES Carral, tendo en conta as súas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC), Proxecto Educativo de Centro (PEC) e Programación Xeral Anual (PXA). Este centro acolle a etapa de Secundaria Obrigatoria (dende 1º a 4 de ESO); ten instalacións adecuadas para ensino e aprendizaxe (Departamento de Educación Física, aulas de grupo, aula de informática, pavillón, pista descuberta, almacén de material, cafetería, aseos), así como espazos naturais propios e a contorna natural, que permitirán coñecer e valorar o patrimonio xeográfico-cultural da zona e as súas posibilidades para a práctica físico-deportiva.

O contexto do centro é diverso: a localidade ten vías de comunicación que o fan un lugar próspero en comunicacións, empresa e comercio; o perfil da contorna presenta un nivel social e económico medio. A contorna está composta por diversas zonas verdes e deportivas, que imos poder aproveitar para realizar actividades, en colaboración co Concello, dado que este municipio conta cun amplo tecido deportivo. Ademais disto, o propio centro conta cunha parte de céspede e diversas árbores próximas á pista descuberta.

Neste curso lectivo temos os seguintes grupos por curso:



- 1º ESO: 3 grupos.
- 2º ESO: 3 grupos.
- 3º ESO: 2 grupos.
- 4º ESO: 2 grupos.

As características xerais neste período evolutivo de cambios físicos, psicolóxicos e emocionais (inicio de puberdade, formación da identidade, adquisición de valores, desenvolvemento cognitivo, novas formas de socializarse...), fan necesario o tratamento de contidos intelectuais, motores e socio-afectivos buscando un equilibrio neste conxunto, que fai que esta programación se poida levar a cabo nunha aula activa, creativa, flexible, pacífica e inclusiva. Estes factores téñense en conta no deseño desta Programación, ademáis de toda a diversidade presente na aula: alumnado con dificultades respiratorias, dificultades persoais, trastorno do espectro autista e dificultades de aprendizaxe (nestes casos, cóntase coa colaboración do Departamento de Orientación e a comunicación coas familias será habitual).

As sesións lectivas son impartidas pola docente Vanesa Carballeira Galdo.

4. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A educación baseada en competencias (eixos curriculares de corte transversal e interdisciplinar) conleva unha formulación integradora, aplicando aprendizaxes adquiridas para conseguir un desenvolvemento persoal satisfactorio, o exercicio da cidadanía activa e a capacidade de adaptación permanente. As Competencias Clave son significativas; funcionais; globais; potencian prácticas autónomas e cooperativas; conlevan unha implicación cognitiva e permiten a reflexión sobre a práctica e o proceso de aprendizaxe; ademáis de relacionarse con prácticas sociais.

En diversas prácticas requírese a participación de compañeiras/os para a resolución de situacións expostas; esta lóxica dá lugar a que as estratexias cooperativas adquiren gran protagonismo. O reto da EF consiste en expor situacións de aprendizaxe competenciais, contextualizadas na realidade vivida polo alumnado; todo iso lograrase con situacións dinámicas, que impliquen saber como levar a cabo unha acción, inclúan procesos críticos e



intelixentes... A finalidade deste enfoque educativo competencial é a transferencia de coñecementos a contextos diferentes.

O currículo fixa 7 Competencias Clave: comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, Competencia dixital, Competencia Aprender a Aprender, Competencias sociais e cívicas, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, e Conciencia e expresións culturais. O Decreto 86/2015 menciona na parte específica da Educación Física a competencia motriz, que non é unha Competencia Clave, pero si contribuiremos ao seu desenvolvemento dende a nosa asignatura.

- Comunicación lingüística (CCL): a EF favorece situacións de interacción a través da linguaxe verbal en tarefas sociomotrices e de aprendizaxe cooperativa; a linguaxe verbal vincúlase ca non verbal e expresiva en tarefas de representación artística; educación emocional e autorregulación de emocións, opinando constructivamente, argumentando decisións; escoitando activamente; relación co Plan Lector do centro e o Plan de Convivencia.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): coñecemento do sistema músculo-esquelético para comprender as súas funcións durante o movemento; referímonos tamén á conservación e mellora do medio ambiente: actividades no medio natural, educación viaria, actividades de orientación, posibilidades que ofrece a contorna para práctica de actividade física (roteiros de Sendeirismo, Escolas Deportivas Municipais...); primeiros auxilios; frecuencia cardíaca (FC) como indicador de intensidade de esforzo; alimentación; gráficas de datos de condición física; uso de TIC. Vinculación con: Promoción de estilo de vida saudable (art. 40 do Decreto 86/2015) e con Proxecto de Vida Activa e Deportiva.
- Competencia dixital (CD): uso da Aula Virtual, na que se engaden apuntamentos, infografías, xogos interactivos... Non se expoñen como un reto fronte ao exercicio físico, senón como unha posibilidade para mostrar contidos, repasalos e para gañar horas de compromiso motor; estará presene o uso de diversas aplicacións: Visual Anatomy 3D, QCPR Training para primeiros auxilios...; vincúlase tamén esta competencia co tratamento do corpo nos medios de comunicación: uso de imaxe corporal, mensaxes e estereotipos referidos ao corpo...



- Competencia aprender a aprender (CAA): O ambiente reflexivo permite un desenvolvemento intelectual, motor, psicosocial e emocional mediante práctica de actividade física e o uso de tecnoloxías; relaciónase coa conciencia das capacidades propias e as súas posibilidades, co desenvolvemento e adquisición dun repertorio motor variado e a súa transferencia a habilidades máis complexas, a resolución de problemas motores, e o sentimento de competencia persoal (autoconfianza, dosificar esforzo, aceptar erros de forma construtiva...); tamén está relacionada con unha educación construtiva e inclusiva.
- Competencia social e cívica (CSC): aprendizaxe de normas organización, funcionamento e convivencia, coas normas da materia, regulamentos, exercicio de cidadanía democrática; metodoloxías cooperativas para facilitar a igualdade e a inclusión, fomentar o respecto e tolerancia; tamén está vinculada coa Estratexia Galega de Convivencia.
- Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): a EF permite tomar decisións, asumir responsabilidades, desenvolver a autonomía, o talento, a iniciativa: permite transformar ideas en accións, a organización individual e colectiva, a planificación de tarefas, a organización e posta en práctica de tarefas de quecemento-estiramentos...: a EF pon ao alumnado en situacións que debe manifestar capacidade de superación, perseveranza e actitude positiva, para dar resposta de maneira creativa a retos expostos. Vinculado directamente co Proxecto de vida activa e deportiva.
- Competencia conciencia e expresións culturais (CCEC): falamos de actividades expresivas, danzas, bailes, teatro... e a súa consideración como patrimonio artístico e cultural; tomar conciencia corporal e integrar o ritmo como elemento de movemento; fomento da creatividade. Vinculado directamente co Proxecto de vida activa e deportiva.

5. OBXECTIVOS.



Os obxectivos de etapa relaciónanse co desenvolvemento das Competencias Clave, que o alumnado desenvolverá e adquirirá nesta etapa a través de actividades integradas que engloban a máis dunha competencia ao mesmo tempo. Nesta táboa menciónanse os Obxectivos Xerais de Etapa (artigo 10 do Decreto 86/2015) que máis presenza teñen na nosa materia e diversos exemplos de como os logramos a través da Educación Física:

Obxectivos Xerais da Etapa	Algúns exemplos
a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	Metodoloxías cooperativas; normas; inclusión, respecto, convivencia
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	Normas instituto y asignatura; retos individuais (autosuperación) e cooperativos (logro común).
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.	Relacionado con fío conductor e o elemento transversal (igualdade); eliminar estereotipos de xénero.
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.	Educación Física emocional, motivación, autoestima e superación personal.
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.	Aula Virtual e aplicación: Genially, Kahoot, QCPR Training...
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.	Frecuencia cardíaca como método de control de intensidade



<p>g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.</p>	<p>Metodoloxías activas; retos cooperativos; aprender a realizar autoavaliación e coavaliación.</p>
<p>h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.</p>	<p>A asignatura de EF impártese no idioma galego, segundo o Plan Lingüístico do centro.</p>
<p>l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizasen achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.</p>	<p>Xogos tradicionais de Galicia. Día das Letras Galegas.</p>
<p>m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos ser vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.</p>	<p>Coñecementos de anatomía; xogos deportivos, ximnasia, actividades no medio natural; coñecer o tecido deportivo da nosa localidade...</p>
<p>n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.</p>	<p>Expresión corporal, educación emocional; montaxes grupales.</p>
<p>ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>	<p>Xogos tradicionais, baile galego, lingua galega.</p>
<p>o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.</p>	<p>A asignatura de EF impártese no idioma galego, segundo o Plan Lingüístico do centro.</p>

6. CONTIDOS.

Os contidos son conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos da Educación Física, de ESO e á adquisición das Competencias clave. O Decreto 86/2015 establece 4 Bloques de Contidos (BC): Bloque 1: Contidos comúns, Bloque 2: Actividades físicas artístico-expresivas, Bloque 3: Actividade física e saúde, Bloque 4: Xogos e actividades deportivas.

A continuación móstranse as táboas extraídas do mesmo Decreto onde se atopa a relación entre os diversos elementos curriculares:

Educación Física. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ m ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Fases de activación e recuperación, e o seu significado como hábito saudable na práctica da actividade física. ▪ B1.2. Execución de xogos e exercicios apropiados para cada parte da sesión. ▪ B1.3. Atención ao aseo persoal e ao uso adecuado da indumentaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Recoñece e aplica actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta ademais as recomendacións de aseo persoal necesarias para esta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Respecta os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ n ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ l ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados. ▪ B1.5. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural. ▪ B1.6. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, e a participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Educación Física. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ d ▪ g ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural. ▪ B1.9. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable. ▪ B1.10. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. 	contorno próximo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.2. Respecta o seu controno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas. 	▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual. 	▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ n ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas ▪ B1.12. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios. ▪ B1.13. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresiva, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección no seu contorno. 	▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ g ▪ e ▪ b ▪ m ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.14. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes adecuados á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas				

Educación Física. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ m ▪ b ▪ g ▪ l ▪ d ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas básicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade. ▪ B2.2. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas sinxelas de expresión corporal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.2. Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.3. Colabora na realización de bailes e danzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
Bloque 3. Actividade física e saúde				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ f ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Condición física. Desenvolvemento das capacidades físicas básicas incidindo principalmente nas relacionadas coa saúde. ▪ B3.2. Introducción aos principios sobre unha alimentación saudable. ▪ B3.3. Identificación da frecuencia cardíaca de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable, e recoñecer os mecanismos básicos de control da intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.1. Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.2. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ g ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Métodos básicos para o desenvolvemento das capacidades físicas desde un enfoque saudable. ▪ B3.5. Avaliación da condición física 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Desenvolver as capacidades físicas básicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexigencia no 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.1. Iniciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

Educación Física. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b	saudable e realización de actividades para a mellora desta. ▪ B3.6. Principios de ergonomía e hixiene postural e a súa aplicación na práctica de actividades físicas e na vida cotiá..	seu esforzo.	▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.	▪ CAA
			▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	▪ CMCCT ▪ CSIEE
Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas				
▪ a ▪ b ▪ g ▪ m	▪ B4.1. Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos. ▪ B4.2. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais. ▪ B4.3. Adquisición de técnicas básicas de progresión e orientación no medio natural, e a súa aplicación en diferentes ámbitos.	▪ B4.1. Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas adaptadas propostas.	▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas.	▪ CAA ▪ CSIEE
			▪ EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos.	▪ CAA ▪ CSIEE
			▪ EFB4.1.3. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade.	▪ CAA ▪ CSIEE
			▪ EFB4.1.4. Explica e pon en práctica técnicas básicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ a ▪ b ▪ d	▪ B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas sinxelas vinculadas aos deportes colectivos, respectando os regulamentos específicos.	▪ B4.2. Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.	▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas, respectando o regulamento.	▪ CAA ▪ CSIEE

Educación Física. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE

Educación Física. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ m ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Fases de activación e recuperación na práctica da actividade física de carácter xeral e específica, en función da actividade que se realice realizar. ▪ B1.2. Selección e execución de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1.Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ n ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ l ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados. ▪ B1.4. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural. ▪ B1.5. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando elas e aceptando as súas achegas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Educación Física. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			independencia do nivel de destreza.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas. ▪ B1.7. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural. ▪ B1.8. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable. ▪ B1.9. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ n ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas. ▪ B1.11. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios. ▪ B1.12. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE

Educación Física. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ g ▪ e ▪ b ▪ m ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde. ▪ B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ m ▪ b ▪ g ▪ l ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade. ▪ B2.2. Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC

Educación Física. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ ñ	▪ B2.3. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular.		▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	▪ CCEC
			▪ EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.	▪ CCEC
Bloque 3. Actividade física e saúde				
▪ m ▪ f ▪ b ▪ g	▪ B3.1. Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo. ▪ B3.2. Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación. ▪ B3.3. Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva. ▪ B3.4. Control da intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca. ▪ B3.5. Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde.	▪ B3.1. Recoñecer os factores básicos que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, e aplicalos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.	▪ EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	▪ CMCCT
			▪ EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.	▪ CMCCT
			▪ EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.	▪ CMCCT
			▪ EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.	▪ CMCCT

Educación Física. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. A actividade física e o seu efecto sobre a saúde. Criterios de selección de actividades para a realización dun plan de mellora da saúde. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ g ▪ f ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde. ▪ B3.8. Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta, tendo en conta as súas características individuais. ▪ B3.9. Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas. ▪ B3.10. Actividade física habitual e outros hábitos de vida saudables, e o seu efecto sobre a calidade de vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Desenvolver as capacidades físicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexixencia no seu esforzo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

Educación Física. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Execución e avaliación de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos. ▪ B4.2. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais. ▪ B4.3. Adquisición de técnicas de progresión e orientación no medio natural, a súa aplicación en diferentes contornos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións adaptadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas facilitadas vinculadas aos deportes colectivos en distintas situacións, respectando os 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitadas, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE

Educación Física. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ m 	regulamentos específicos. ▪ B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.	estímulos máis relevantes.	facilitadas.	
As tarefas adaptaranse ao alumnado que o precise, con medidas ordinarias (adaptación de programación, metodoloxía, tempos, instrumentos de avaliación...). O alumnado cunha necesidade específica de apoio educativo establecida no Real decreto 1105/2014 é o seguinte: necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, integración tardía no sistema educativo, condicións persoais ou historia escolar.

No caso de que se solicite adaptación curricular por factores físicos, levarase a cabo logo de presentar un certificado médico oficial no que se fará mención ás limitacións motoras que presenta, formas de acción recomendadas e actividades desaconselladas/prohibidas, así como movementos aconsellados/permitidos.

Neste curso lectivo temos alumnado con dificultades respiratorias, dificultades persoais e tamén alumnado dificultades de aprendizaxe.

- No caso do alumnado con dificultades respiratorias, e dado que é obrigatorio o uso de máscara protectora, adaptaráselle as sesións prácticas en intensidade, dosificando o esforzo e establecendo pautas de traballo-descanso. Téñense en conta as especificacións médicas que presenten.
- No caso do alumnado que presene dificultades persoais, traballarase en colaboración constante co Departamento de Orientación e coas familias; será importante seguir un acompañamento a este alumnado, ofrecendo un apoio e establecendo pautas de descanso. Igualmente, establecerase con este alumnado que poda saír ó Departamento de Orientación se o precisan. Favoreceráselle o traballo con aquelas persoas con quen se sintan máis cómodos e cómodas, sempre en cando este feito responda positivamente en canto ó Plan de Convivencia.
- No caso do alumnado con trastorno do espectro autista: dende o comezo do curso especifícanse varias rutinas: preséntaselle a información de cada Unidade Didáctica por adiantado. A comunicación e a cooperación coa familia serán fluídas, e deberán comunicar calquera tipo de cambio significativo. A comunicación e a cooperación tamén serán importantes co Departamento de Orientación, permitíndolle acudir a este



Departamento naqueles momentos que precise. Ofreceráselles follas explicativas con gráficos das tarefas e pictograma; posibilitase o traballo co estudantado co que se sinta máis cómodo/a. Algúns indicadores de seguimento son os seguintes: sénteste incluído/a no grupo; é capaz de facer contribucións a tarefas grupais; os/as compañeiros/as aceptan as súas contribucións; é capaz de comunicarse, aínda que basicamente, para facer preguntas, expresar as súas emocións, comunicarse en tarefas...; hai unha progresión na súa aprendizaxe.

- No caso do alumnado con dificultades de aprendizaxe, empregaranse estratexias como proporcionarlle información en formato gráfico, ter a estas personas preto no momento das explicacións, ofrecerlles a oportunidade de traballar con aquel alumnado con quen se sintan máis cómodos e cómodas. Adaptarase a metodoloxía, os tempos de traballo e descanso, e a información proporcionada (tanto nas sesións prácticas como na Aula Virtual) presentarase nunha linguaxe clara e concisa, aportando aqueles recursos de reforzamento que foran precisos. Ademais, traballarase en colaboración co Departamento de Orientación e as familias.

En ámbolos dous casos, farase un seguimento en tódalas Unidades co obxectivo de establecer aquelas modificacións e axustes que sexan necesarios para favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe, a práctica e as experiencias con éxito.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O seu contido educativo responde ao currículo oficial, como complemento aos contidos desenvolvidos; as actividades planifícanse segundo criterios de igualdade. Ao saír do centro, infórmase aos pais, nais ou titores legais a través dunha circular informativa que se xunta á correspondente autorización.

A proporción de docentes acompañantes é: 1 docente por cada 20 alumnas/os, establecendo un mínimo de 2 docentes por actividade.

Celebraranse en datas que non afecten os períodos de avaliación. Ao final das actividades lévase a cabo unha avaliación e memoria delas. Na memoria final do Departamento incluírase un resumo destas actividades.

Propóñense as seguintes actividades para este curso lectivo, tendo en conta os Protocolos vixentes así como o currículo oficial:

- Día da Educación Física na rúa: participarán 1º, 2º, 3º e 4º de ESO, dentro da xornada lectiva.
- Roteiro de Sendeirismo para 1º, 2º, 3º e 4º de ESO: realizaranse diversos roteiros para os catro cursos, en diferentes datas e con diferentes percorridos, todo iso tendo en conta a climatoloxía e as características psicoevolutivas do alumnado. Realízanse fóra do centro educativo en colaboración co Concello de Carral, e dentro da xornada lectiva.
- Xornada de xogos tradicionais para os cursos 1º, 2º, 3º e 4º de ESO, dentro da celebración do Día das Letras Galegas. Realízase dentro do centro educativo e dentro da xornada lectiva.

13. AVALIACIÓN E CALIFICACIÓN.

A avaliación é un proceso aberto e flexible; refírese a todos os actores e variables implicados: proceso profesor-alumno-ensino-aprendizaxe.

Está guiado por criterios establecidos, a través dos cales obtemos evidencias de aprendizaxe, para poder tomar as mellores decisións que poidan axudar aos alumnos na súa responsabilidade, autonomía e crecemento persoal.

Temos unha avaliación diagnóstica (inicial), para coñecer o punto de partida e poder adaptar a proposta, unha avaliación formativa para comprobar o desenvolvemento do plan previsto, que acompaña e axuda a regular o proceso de aprendizaxe do alumno e informa



do progreso, e unha avaliación final (sumativa), para verificar o grao de aprendizaxe e eficacia do programa, que permitirá asignar unha nota a cada alumno.

A avaliación forma parte do proceso de aprendizaxe: ofrecerlles feedback sobre o que están a facer e cómo o fixeron; aproveitar os erros como punto de referencia; reforzar os logros; predisposición, esforzo, actitude e progreso como elementos básicos que lles permiten evolucionar e axúdalles a transferir a aprendizaxe a situacións da vida cotiá.

13.1. AVALIACIÓN INICIAL.

Levarase a cabo durante a primeira Unidade Didáctica de cada grupo e curso.

As probas que formarán parte desta avaliación inicial son:

- Proba conceptual de coñecementos previos.
- Circuitos de axilidade coordinación e equilibrio.
- Retos motores individuais e colectivos.
- Prácticas diversas e lúdicas para coñecer o grao de dinamismo, cohesión grupal, respeto... dentro das prácticas físico-deportivas e artístico-expresivas.
- Enquisa de práctica deportiva actual.

Esta variedade de actividades permitirá coñecer se existe alguna dificultade, necesidade, intereses... que sexa preciso ter en conta para a planificación e organización do resto do curso lectivo.

Estes resultados teranse en conta na sesión de avaliación inicial co profesorado correspondente a cada grupo, co Departamento de Orientación e co equipo directivo.

13.2. CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORIZACIÓN, GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS.

A avaliación de competencias implica utilizar diversos instrumentos: tómanse mostras de execucións e utilízase a observación para recoller información; utilízanse listas de control, escalas, rúbricas...; a avaliación implicará cognoscitivamente ao alumnado fomentando a



autonomía; o rol de alumnado é graduado segundo a súa implicación: heteroavaliación (menor implicación do alumnado), coavaliación (relativa implicación) e autoavaliación (maior implicación).

En canto aos Estándares (EAE), nesta táboa especifícase o seu grao mínimo de consecución para superar a materia (distinguindo entre Estándares básicos “ B”, debendo obter un 5 para superalos, e avanzados “A”, debendo obter, polo menos, un 2,5 para superalos); o seu peso na cualificación expresado en porcentaxe -%- (na táboa márcanse as porcentaxes asociadas segundo a Unidade), procedementos e instrumentos, e a temporalización de Estándares en cada Unidade Didáctica (UD).

Os Estándares especificados como “Transv 5%” son os 4 Estándares que se avalían de maneira transversal durante todo o curso e que xuntos forman un 20% dentro de cada trimestre (ver apartado de Avaliación e Cualificación).

Aínda que todos os Estándares serán avaliados mediante Heteroavaliación, utilizarase ademais a coavaliación e autoavaliación como medios para favorecer a aprendizaxe, o desenvolvemento intelectual, o pensamento crítico e a autonomía do alumnado. Os instrumentos están realizados con caderno dixital docente iDoceo.

A continuación móstranse as táboas correspondentes ós catro cursos coa información especificada:

1º ESO												
EAE	Grado mínimo	Peso (%) na cualificación segundo UD	Procedementos + Instrumentos	Unidades Didácticas								
				1ª Avaliación				2ª Avaliación			3ª Avaliación	
				1	2	3	4	5	6	7	8	9
1.1.1	B	20%	Heteroavaliación/Observac/Rúbrica							X		
1.1.2	B	20%	Heteroavaliación /Secuencias/Rúbrica							X		
1.1.3	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.								
1.2.1	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.								
1.2.2	B	20%/40%	Heteroavaliación /Escala cualitativa	X						x		
1.2.3	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.								
1.3.1	B	30%	Heteroavaliación /Tarefa Aula Virt/E. Cualit.									X
1.3.2	B	25%	Heteroavaliación /Observac/Esc. Cualitat.									X
1.3.3	A	10%	Heteroavaliación /Tarefa Aula Virt/Rúbrica		X							
1.4.1	B	35%	Heteroavaliación /Obs/Escala cualit/Rúbrica					X				
1.4.2	B	35%	Heteroavaliación /Proba conceptual					X				
1.5.1	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.								
1.5.2	B	25%	Heteroavaliación /Rúbrica									X
2.1.1	A	20%/30%	Heteroavaliación /Observac/Rúb./Esc.	X				X				
2.1.2	B	30%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica/Coaval.			X						
2.1.3	B	40%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica/Coaval.							X		
3.1.1	B	20%	Heteroavaliación /Proba conceptual		X							
3.1.2	B	10%/20%	Heteroavaliación /Rexistro FC/Autoaval.		X							
3.1.3	B	20%	Heteroavaliación /Observa/Escala cualitativa		X							
3.2.1	B	40%	Heteroavaliación /P. físicas/Baremo		X							
3.2.2	B	30%	Heteroaval./Comparativa datos/Baremo								X	
3.2.3	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualitat.			X						
4.1.1	B	20%/30%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	X		X						
4.1.2	A	10%	Heteroavaliación /Tarefa Aula Virt/Escala			X						
4.1.3	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica			X						
4.1.4	A	20%	Heteroavaliación /Obervac./Rúbrica									X
4.2.1	B	30%/50%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica				X		X		X	
4.2.2	A	20%/25%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualitat				X		X		X	
4.2.3	A	20%/25%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica/Coaval.				X		X		X	

2º ESO

EAE	Grado mínimo	Peso (%) na cualificación segundo UD	Procedementos + Instrumentos	Unidades Didácticas									
				1ª Avaliación				2ª Avaliación			3ª Avaliación		
				1	2	3	4	5	6	7	8	9	
1.1.1	B	10%	Heteroavaliación/Observac/Rúbrica								X		
1.1.2	B	20%	Heteroavaliación /Secuencias/Rúbrica								X		
1.1.3	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica								X		
1.2.1	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.									
1.2.2	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Escala cualitativa	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.									
1.2.3	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.									
1.3.1	B	10%	Heteroavaliación /Tarefa Aula Virt/E. Cualit.										X
1.3.2	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Esc. Cualitat.										X
1.3.3	A	10%	Heteroavaliación /Tarefa Aula Virt/Rúbrica		X								
1.4.1	B	35%	Heteroavaliación /Observ/Escala cualitativa					X					
1.4.2	B	35%	Heteroavaliación /Proba conceptual					X					
1.4.3	B	25%	Heteroavaliación/Observac/Rúbrica										X
1.5.1	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.									
1.5.2	B	20%	Heteroavaliación /Rúbrica										X
2.1.1	A	30%/50%	Heteroavaliación /Observac/Rúb./Esc.	X				X					
2.1.2	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica/Coaval.			X							
2.1.3	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica/Coaval.			X					X		
2.1.4	A	10%	Heteroavaliación/Observ/Escala culaitativa								X		
3.1.1	A	10%	Heteroavaliación /Proba conceptual		X								
3.1.2	B	10%	Heteroavaliación /Proba conceptual		X								
3.1.3	B	20%	Heteroavaliación /Observa/Escala cualitativa		X								
3.1.4	B	10%	Heteroavaliación/Rexistro FC/Autoaval.		X								
3.1.5	A	10%	Heteroavaliación/Rexistro/Autoaval.		X								
3.1.6	B	10%	Heteroavaliación/Tarefa Aula Virtual		X								
3.2.1	B	20%	Heteroavaliación /P. físicas/Baremo		X								
3.2.2	B	30%	Heteroaval./Comparativa datos/Baremo									X	
3.2.3	B	10%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualitat.			X							
3.2.4	B	10%	Heteroavaliación/Tarefa Aula Virtual									X	
4.1.1	B	20%/50%	Heteroevaluación/Secuencias/Rúbrica	X		X							
4.1.2	A	10%	Heteroevaluación/Tarea Edixgal/Escala			X							
4.1.3	A	10%	Heteroevaluación/Circuito/Rúbrica			X							

4.1.4	A	10%/20%	Heteroavaliación /Observac//Rúbrica			X				X		
4.1.5	A	25%	Heteroavaliación /Observac./Rúbrica									X
4.2.1	B	20%/40%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica				X		X		X	
4.2.2	A	20%/25%	Heteroavaliación /Observac//Escala cualitat				X		X		X	
4.2.3	A	10%/20%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica/Coaval.				X		X		X	
4.2.4	A	20%	Heteroavaliación /Observac//Escala cualitat				X		X			

3º ESO

EAE	Grado mínimo	Peso (%) na cualificación segundo UD	Procedementos + Instrumentos	Unidades Didácticas									
				1ª Avaliación				2ª Avaliación			3ª Avaliación		
				1	2	3	4	5	6	7	8	9	
1.1.1	B	10%	Heteroavaliación/Observac/Rúbrica								X		
1.1.2	B	20%	Heteroavaliación /Secuencias/Rúbrica								X		
1.1.3	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica								X		
1.2.1	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.									
1.2.2	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Escala cualitativa	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.									
1.2.3	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.									
1.3.1	B	10%	Heteroavaliación /Tarefa Aula Virt/E. Cualit.										X
1.3.2	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Esc. Cualitat.										X
1.3.3	A	10%	Heteroavaliación /Tarefa Aula Virt/Rúbrica		X								
1.4.1	B	35%	Heteroavaliación /Observ/Escala cualitativa					X					
1.4.2	B	35%	Heteroavaliación /Proba conceptual					X					
1.4.3	B	25%	Heteroavaliación/Observac/Rúbrica										X
1.5.1	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.									
1.5.2	B	20%	Heteroavaliación /Rúbrica										X
2.1.1	A	30%/50%	Heteroavaliación /Observac/Rúb./Esc.	X				X					
2.1.2	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica/Coaval.			X							
2.1.3	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica/Coaval.			X					X		
2.1.4	A	10%	Heteroavaliación/Observ/Escala culaitativa								X		
3.1.1	A	10%	Heteroavaliación /Proba conceptual		X								
3.1.2	B	10%	Heteroavaliación /Proba conceptual		X								
3.1.3	B	20%	Heteroavaliación /Observa/Escala cualitativa		X								
3.1.4	B	10%	Heteroavaliación/Rexistro FC/Autoaval.		X								
3.1.5	A	10%	Heteroavaliación/Rexistro/Autoaval.		X								
3.1.6	B	10%	Heteroavaliación/Tarefa Aula Virtual		X								
3.2.1	B	20%	Heteroavaliación /P. físicas/Baremo		X								
3.2.2	B	30%	Heteroaval./Comparativa datos/Baremo									X	
3.2.3	B	10%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualitat.			X							
3.2.4	B	10%	Heteroavaliación/Tarefa Aula Virtual									X	
4.1.1	B	20%/50%	Heteroevaluación/Secuencias/Rúbrica	X		X							
4.1.2	A	10%	Heteroevaluación/Tarea Edixgal/Escala			X							
4.1.3	A	10%	Heteroevaluación/Circuito/Rúbrica			X							

4.1.4	A	10%/20%	Heteroavaliación /Observac//Rúbrica			X				X		
4.1.5	A	25%	Heteroavaliación /Observac./Rúbrica									X
4.2.1	B	20%/40%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica				X		X		X	
4.2.2	A	20%/25%	Heteroavaliación /Observac//Escala cualitat				X		X		X	
4.2.3	A	10%/20%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica/Coaval.				X		X		X	
4.2.4	A	20%	Heteroavaliación /Observac//Escala cualitat				X		X			

4º ESO

EAE	Grado mínimo	Peso (%) na cualificación segundo UD	Procedementos + Instrumentos	Unidades Didácticas										
				1ª Avaliación				2ª Avaliación			3ª Avaliación			
				1	2	3	4	5	6	7	8	9		
1.1.1	B	40%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	X										
1.1.2	B	40%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualitat	X										
1.1.3	B	30%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica								X			
1.2.1	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualit.										X	
1.2.2	A	10%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica/Autoav.										X	
1.2.3	A	10%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica										X	
1.3.1	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.										
1.3.2	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualitat	X										
1.3.3	B	20%	Heteroavaliación /Tarefa Aula Virtual										X	
1.4.1	B	30%/35%	Heteroavaliación/Observac/Escala cualitat					X						
1.4.2	B	35%	Heteroavaliación/Proba conceptual					X						
1.4.3	B		Heteroavaliación/Observac/Rúbrica					X						
1.5.1	A	10%	Heteroavaliación/Escala cualitat											X
1.5.2	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.										
1.6.1	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.										
1.6.2	B	Transv 5%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica	Avaliado e cualificado de maneira transversal cada trimestre.										
1.6.3	A	10%	Heteroavaliación/Exposición/Escala cualitat											X
2.1.1	A	30%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica/Coaval.			X					X			
2.1.2	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualitat.			X					X			
2.1.3	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica			X					X			
3.1.1	B	20%	Heteroavaliación/Plan persoal/Rúbrica				X							
3.1.2	A	10%	Heteroavaliación/Plan persoal/Rúbrica				X							
3.1.3	B	20%	Heteroavaliación /Tarefa Aula Virtual		X									
3.1.4	B	20%	Heteroavaliación /Tarefa Aula Virtual		X									
3.2.1	B	20%/40%	Heteroavaliación/Plan persoal/Rúbrica		X		X							
3.2.2	B	20%	Heteroavaliación/Plan persoal/Rúbrica		X		X							
3.2.3	A	10%	Heteroavaliación/Plan persoal/Rúbrica				X							
3.2.4	B	20%	Heteroavaliación/Plan persoal/Rúbrica				X							
4.1.1	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica			X								
4.1.2	A	10%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualit.			X								
4.1.3	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica											X

4.2.1	B	20%/30%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica						X		X	
4.2.2	B	20%/30%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica						X		X	
4.2.3	A	10%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualitat.						X			
4.2.4	A	10%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualitat.						X			
4.2.5	A	10%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualitat.						X			
4.2.6	A	10%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualitat.						X			
4.3.1	B	20%	Heteroavaliación/Observac/Rúbrica									X
4.3.2	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Escala cualitat.									X
4.3.3	B	20%	Heteroavaliación /Observac/Rúbrica									X



13.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

- Número de Unidades Didácticas por trimestre: en cada curso, mantense a seguinte estrutura:
 - o 1º trimestre: 4 UD (cada unha delas ten un peso dun 25% dentro do trimestre)
 - o 2º trimestre: 3 UD (cada unha delas ten un peso dun 33,33% dentro do trimestre).
 - o 3º trimestre: 2 UD (cada unha delas ten un peso dun 50% dentro do trimestre).

- A cualificación do trimestre corresponde á media das Unidades correspondentes (que xuntas valen un 80%) máis o 20% de diversos Estándares transversais do BC 1 (Contidos Comúns) que serán avaliados cada trimestre, e que son para cada curso os seguintes:
 - o 1º ESO: 1.1.3. Aseo persoal, 1.2.1. Tolerancia e deportividade, 1.2.3. Respecto ás demais persoas, 1.5.1. TIC.
 - o 2º ESO: 1.2.1. Tolerancia e deportividade, 1.2.2. Colabora nas actividades grupais, 1.2.3. Respecto ás demais persoas, 1.5.1. TIC.
 - o 3º ESO: 1.2.1. Tolerancia e deportividade, 1.2.2. Colabora nas actividades grupais, 1.2.3. Respecto ás demais persoas, 1.5.1. TIC.
 - o 4º ESO: 1.3.1. Valoración das actuacións doutras persoas, 1.5.2 Achegas enriquecedoras das demais persoas, 1.6.1. Informacións actuais e TIC, 1.6.2. TIC.

- Para lograr avaliación positiva en cada Unidade necesítase, polo menos, un 50%.

- Para aquel alumnado que copie ou faga un intento de copiar nun exame, utilice apuntamentos ou calquera dispositivo electrónico non permitido no mesmo: será retirado o exame e este terá a calificación de un (1).

- Aquel alumnado que se negue a facer as sesión de Educación Física e a seguir os contidos e realizar as tarefas, proxectos e exames propostos para o grupo: poñerase esta situación en coñecemento da persoa titora, o equipo directivo, o departamento de



Orientación e a familia do/a alumno/a. Conxuntamente procuraranse estratexias para que o/a alumno/a participe activamente nas sesión. De continuar a negativa nas situación propostas, a calificacións nas avaliacións correspondentes se rá de un (1).

- A cualificación na avaliación final é a media dos 3 trimestres. A cualificación será un número enteiro entre 1 e 10. O redondeo realízase deste xeito: cualificacións con decimais que non chegan a x,6, redondéase á unidade inferior; as que o igualen ou superen redondéase a unidade superior. (Por exemplo: aquel alumnado que teña un 7,5 ou inferior redondearase a un 7, e se ten 7,6 ou superior redondéase a un 8).
- As cualificacións son as seguintes:
 - o Cualificación negativa: Insuficiente (1-4).
 - o Cualificación positiva: Suficiente (5), Ben (6), Notable (7-8), Sobresaliente (9-10).
- Ao finalizar cada trimestre se reserva a última sesión para posibles recuperacións. Se non fose necesario utilízala para recuperar, incluírase na última Unidade do trimestre.
- Porcentaxe de contribución das Competencias Clave á cualificación competencial: organízase os Estándares coas súas Competencias Clave (ver táboas do apartado 6), e asígnase a cada un deles unha porcentaxe (peso en cada Unidade).
- O establecemento dunha cualificación competencial final realízase ao introducir os datos nunha folla de cálculo que, despois de introducir as fórmulas correspondentes, automaticamente calcula as cualificacións competenciais. Ditas cualificacións reflectiranse en XADE e no Consello Orientador que entrega o/a titor/a correspondente a cada alumna/o ao finalizar a avaliación ordinaria, ou extraordinaria se fose o caso.



13.4. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE.

- Seguemento, recuperación e avaliación da materia pendente doutros cursos: non procede este curso lectivo dado que non hai alumnado coa materia pendente doutros cursos anteriores.
- Plan de recuperación para alumnado con avaliación negativa dentro do curso: destinado a aquel alumnado que precisa un apoio ás clases ordinarias para superar a materia; as medidas que se establecen son: reforzo de contidos de estándares non superados a través dun traballo, prácticas ou probas, segundo a Unidade correspondente. Para iso, estableceranse titorías, aproveitando recreos (como espazo para poder realizar tarefas de reforzo) para axudarlles na preparación e solucionar dúbidas. Ademáis disto, seguiremos empregando a Aula Virtual para engadir aqueles recursos e información que sexa preciso para o alumnado.
- Ao finalizar o terceiro trimestre, e tendo máis dun trimestre con cualificación negativa, deberá realizar unha proba final; o alumnado coñecerá previamente a batería de probas para poder practicalas, atendendo aos contidos traballados nas clases e aos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis vencellados a estes contidos. A ponderación das probas será a seguinte: 60% probas físicas e 40% probas conceptuais. Obterase unha calificación positiva con un 5 ou superior (segundo o especificado no apartado anterior).

13.5. REFERENCIA ÁS SESIÓNS DO PERÍODO DO 6 Ó 22 DE XUÑO DE 2022: PROBAS, ACTIVIDADES DE APOIO, REFORZO, RECUPERACIÓN, AMPLIACIÓN E TITORIZACIÓN.

Tendo en conta o calendario escolar para este curso 2021-2022, así como as instrucións de inicio de curso, este período corresponde do 6 ó 22 de xuño, ámbolos dous incluídos.

Neste período realizaranse as seguintes actividades de reforzo, recuperación e ampliación:



- **Reforzo:** destinado a aquel alumnado que precisa un reforzo nunha parte da materia (se obtivo calificación positiva nas avaliacións parciais aínda que con algunha dificultade) ou en toda a materia (se ten que presentarse á convocatoria final). Empregarase, ademáis, a Aula Virtual para o repaso daqueles contidos que sexan precisos ou os contidos de toda a materia.
- **Recuperación:** destinado a aquel alumnado con cualificación negativa nunha ou máis avaliacións parciais e que debe presentarse á convocatoria final. Se fose preciso, faranse titorías durante os recreos para dar a este alumnado a posibilidade de practicar as probas, preguntar dúbidas... Empregarase tamén a Aula Virtual para o repaso daqueles contidos correspondentes a cada trimestre.
- **Ampliación:** para aquel alumnado que superou con cualificación positiva a materia de Educación Física na convocatoria ordinaria. Teranse en conta os contidos e Unidades traballadas este curso, así como os elementos curriculares do seguinte curso, e as Unidades Didácticas establecidas tamén para o seguinte curso, co obxectivo de dar unha continuidade ás aprendizaxes dentro da etapa. Na Aula Virtual, cada curso van atopar un apartado despois do 3º trimestre que leva por título “ACTIVIDADES DE REFORZO, XUÑO 2022”. Neste bloque engadiranse aqueles contidos que permitan profundizar ó alumnado, non só no aprendido este curso lectivo, senón tamén aqueles contidos citados anteriormente e que permiten ir presentando ó alumnado os contidos do seguinte curso.

14.6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE.

Seguindo as Instrucións de inicio de curso e o RD 1105/2014, debemos avaliar aprendizaxes de alumnado, o proceso de ensino e práctica docente, establecendo indicadores na Programación. Estas táboas mostran algúns exemplos de indicadores que se terán en conta, co obxecto de dar unha mellor resposta no proceso de ensino-aprendizaxe:

<u>Avaliación da práctica docente realizada pola profesora.</u>				
4 totalmente de acordo, 3 de acordo, 2 en desacordo, 1 totalmente en desacordo				
Indicadores	1	2	3	4



Axusto a miña práctica docente á lexislación, centro educativo e alumnado				
Incorpóranse as TIC ó proceso de ensino-aprendizaxe.				
Establezo obxectivos que o alumnado pode acadar, adecuados ó seu nivel e características.				
Favorezo o desenvolvemento de habilidades e destrezas, potenciando as súas competencias.				
Deseño tarefas en progresión, coherencia, adaptación e significatividade.				
Atendo ó alumnado para solventar dúbidas, apoialos/as e favorecer o seu desenvolvemento.				
Acado a motivación e participación activa de todo o alumnado.				
Utilizo diversas estratexias metodolóxicas.				
Atendo a toda a diversidade segundo necesidades e intereses do alumnado.				
Intégranse os elementos transversais.				
Proporciónase áxilmente os resultados das probas ó alumnado.				
Observacións/Propostas de mellora:				
<u>Avaliación da práctica docente realizada pola alumnado</u>				
4 totalmente de acordo, 3 de acordo, 2 en desacordo, 1 totalmente en desacordo				
Indicadores	1	2	3	4
As tarefas que realizamos permitíronnos aprender e mellorar.				
O uso de TIC permitiunos ampliar os nosos coñecementos.				
A profesora explicou de forma clara as tarefas e sempre resolve dúbidas.				
A profesora sempre da información sobre cómo facemos as tarefas e o resultado das mesmas.				
A organización dos contidos, espazos e materiais foi adecuada.				
Observacións/Propostas de mellora:				
<u>Avaliación do Proceso de Ensino-Aprendizaxe realizada pola docente.</u>				
4 totalmente de acordo, 3 de acordo, 2 en desacordo, 1 totalmente en desacordo				
Indicadores	1	2	3	4
Contribúo á adquisición das Competencias Clave.				
Establezo diversas organizacións e graos de dificultade nas tarefas.				
Teño en conta a Estratexia Galega de Convivencia e os seus protocolos.				
Consigo motivar ó alumnado durante a construción dos aprendizaxes.				
Proporciono información clara e precisa antes, durante e despois das tarefas.				
Emito feedbacks adecuados a cada situación.				
Propicio un conflito cognitivo positivo no alumnado.				
Favorezo a participación do alumnado na avaliación (autoavaliación e coavaliación).				
Empleo diversos instrumentos e procedimentos de avaliación.				



Teño o control da sesión e manteño a organización da clase.				
Favorezo situacións de igualdade, inclusión, cooperación e educación emocional.				
Observacións/Propostas de mellora:				
<u>Avaliación do Proceso de Ensino-Aprendizaxe realizada polo alumnado.</u> 4 totalmente de acordo, 3 de acordo, 2 en desacordo, 1 totalmente en desacordo				
Indicadores	1	2	3	4
A información é clara e precisa antes, durante e despois das tarefas.				
O clima de aula é inclusivo, pacífico, motivante e de cooperación.				
Aprendín contidos novos.				
As tarefas que fixen permitíronme aprender contidos novos.				
Observacións/Propostas de mellora:				

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN. PROCESOS DE MELLORA.

Ao finalizar cada Unidade realizarase unha valoración da Programación mediante unha escala cualitativa na que figurará a temporización, actividades previstas, actividades realizadas e propostas de mellora.

Realizarase unha reunión mensual do Departamento para o seguemento de Programación (da que se deixa constancia no libro de actas); tendo en conta se é preciso establecer medidas de adaptación, coa finalidade de axustar ao máximo a programación á realidade educativa e ao alumnado.

Esta avaliación centrarase en comprobar se o grao de consecución dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe é o adecuado co fin de mellorar o nivel de adquisición de Competencias e obxectivos xerais de etapa.

Ao final do curso, na memoria final, valoraranse os resultados do rendemento do alumnado; esta memoria tamén incluírá propostas de modificación, procedementos e instrumentos de avaliación, estratexias metodolóxicas, atención á diversidade, criterios de cualificación, motivos de modificacións, ademais dunha análise das avaliacións do alumnado.



Na seguinte táboa poden verse algúns dos indicadores que se utilizarán:

<u>Avaliación da Programación Didáctica</u>				
4 totalmente de acordo, 3 de acordo, 2 en desacordo, 1 totalmente en desacordo				
Indicadores	1	2	3	4
Existe relación lóxica e coherente de elementos curriculares.				
Esta programación contribúe á adopción dun estilo de vida activo, saudable e autónomo.				
A programación é dinámica, aberta, flexible e plural, e contribúe á consecución das Competencias Clave.				
Relacionase cada Estándar co seu instrumento e procedemento de avaliación.				
As instalacións, recursos e materiais son adecuados.				
As probas de avaliación ordinaria-extraordinaria son adecuadas.				
Intégranse adecuadamente as tecnoloxías da información e da comunicación.				
Téñense en conta os Plans e Proxectos do centro.				
As actividades complementarias e extraescolares son productivas y significativas, e favorécese a participación de todo o alumnado.				
Procesos de mellora:				

15. RELACIÓN COAS FAMILIAS.

Segundo o Decreto 86/2015, buscarase a implicación das familias para facer das alumnas e dos alumnos auténticos suxeitos activos dunha xestión cada vez máis autónoma e comprometida coa súa saúde, mediante a adquisición de hábitos saudables.

Comunicaremos ao alumnado aqueles eventos deportivos que poidan realizar en familia e que se realizan en colaboración co equipo directivo do centro educativo, así como co Concello de Carral (carreiras populares, roteiros de sendeirismo...).



Ademais, propóñense dúas charlas ás que as familias van poder acudir: primeiros auxilios e educación viaria.

16. PROGRAMACIÓN DE AULA E TEMPORIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

A proposta que se realiza baséase na lexislación vixente exposta anteriormente. Estarán presentes todos os bloques de contidos, buscando un equilibrio dos mesmos; existe tamén unha evolución na adquisición das Competencias Clave e unha progresión metodolóxica ao longo dos 3 trimestres.

Existe unha progresión en contidos ó longo dos 4 cursos, así como unha organización de contidos e Unidades Didácticas semellantes en cada curso co obxectivo de dar unha mellor organización e unha maior coherencia entre a Programación e o Proxecto de Vida Activa e Deportiva (tendo en conta as súas submodalidades e todas as celebracións e actividades específicas propostas para este curso lectivo).

- As actividades de ritmo e expresión son diferentes en cada curso, co obxectivo de mostrar ó alumnado o amplo abano de posibilidades dentro das actividades artístico-expresivas, ofrecéndolle a posibilidade de coñecer, ademáis, as diversas modalidades de danzas e bailes, así como loga que ofrece o Concello de Carral a través das súas Escolas Deportivas Municipais.
- Os deportes alternativos son diferentes en cada curso co obxectivo de ofrecer prácticas físico-deportivas diversas e aumentar a bagaxe motora do alumnado.
- Diversas Unidades Didácticas que levan unha progresión ó longo dos 4 cursos pertencen a varias partes específicas do Proxecto de Vida Activa e Deportiva e ás diversas submodalidades.



TEMPORIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS PARA 1º ESO [VER ESPECIFICACIÓN E PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA]			
TRIMESTRE	Nº	UD	TEMÁTICA
1º	1	Avaliación inicial	Avaliación inicial; normas asignatura, NOFC; retos individuais e cooperativos; circuitos de axilidade, coordinación e equilibrio. Medidas de atención á diversidade. Explicación de Aula Virtual, plans e proxectos.
	2	#BeActive (I)	Condición física; alimentación; estilo de vida activo, saudable e autónomo; o corpo humano (I).
	3	* Circo do Sol	Habilidades ximnásticas, bailes e danzas sinxelas.
	4	Choiva de volantes	Bádminton (I); regulamento básico; aspectos técnico-tácticos; situacións de xogo básicas.
2º	5	Primeiros auxilios (I)	Protocolo PAS.
	6	Voleibol	Regulamento básico; aspectos técnico-tácticos; situacións de xogo sinxelas.
	7	Jumping - Combas (I)	Comba individual e longa (I); técnicas básicas de entrada-saída; coreografía sinxela con combas.
3º	8	* Deportes Alternativos (I)	Diversidade de deportes alternativos e a diferenzas cos xogos tradicionais. Celebración do Día das Letras Galegas con unha xornada de xogos tradicionais de Galicia.
	9	EcoEducación Física (I)	Xogos de pistas; orientación básica; coidado do entorno natural; posibilidades que ofrece a Natureza para práctica de actividade física. Iniciación á escalada. Roteiro de Sendeirismo pola localidade.

TEMPORIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS PARA 2º ESO [VER ESPECIFICACIÓN E PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA]			
TRIMESTRE	Nº	UD	TEMÁTICA
1º	1	Avaliación inicial	Avaliación inicial; normas asignatura, NOFC; retos individuais e cooperativos; circuitos de axilidade, coordinación e equilibrio. Medidas de atención á diversidade. Explicación de Aula Virtual, plans e proxectos.
	2	#BeActive (II)	Condición física; alimentación; estilo de vida activo, saudable e autónomo; o corpo humano (II).
	3	* Circo do Sol	Habilidades ximnásticas, bailes e danzas (II).
	4	Choiva de volantes	Bádminton (II); regulamento básico; aspectos técnico-tácticos; situacións de xogo.
2º	5	Primeiros auxilios (II)	Protocolo PAS.
	6	Baloncesto	Regulamento básico; aspectos técnico-tácticos; situacións de xogo sinxelas.
	7	Jumping - Combas (II)	Comba individual e longa (II); técnicas básicas de entrada-saída; saltos creativos; coreografía con combas.
3º	8	* Deportes Alternativos (II)	Diversidade de deportes alternativos e a diferenzas cos xogos tradicionais. Celebración do Día das Letras Galegas con unha xornada de xogos tradicionais de Galicia.
	9	EcoEducación Física (II)	Orientación no medio natural; coidado do entorno natural; posibilidades que ofrece a Natureza para práctica de actividade física. Iniciación á escalada. Roteiro de Sendeirismo pola localidade.

TEMPORIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS PARA 3º ESO [VER ESPECIFICACIONES E PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA]			
TRIMESTRE	Nº	UD	TEMÁTICA
1º	1	Avaliación inicial	Avaliación inicial; normas asignatura, NOFC; retos individuais e cooperativos; circuitos de habilidades específicas diversas. Medidas de atención á diversidade. Explicación de Aula Virtual, plans e proxectos.
	2	#BeActive (III)	Condición física; métodos básicos para o adestramento e a mellora; alimentación; estilo de vida activo, saudable e autónomo; o corpo humano (III).
	3	* Actividades de ritmo e expresión	Ximnasia e actividades de ritmo e expresión. Bailes e danzas. Teatro.
	4	Deportes de raqueta	Bádminton (III) e Speedball.
2º	5	Primeiros auxilios (II)	Protocolo PAS, Posición Lateral Seguridade, RCP (Maniquíes e DESA).
	6	Balonmán	Regulamento básico; aspectos técnico-tácticos; situacións de xogo sinxelas.
	7	Jumping - Combas (III)	Comba individual e longa; diversidade de técnicas de entrada-saída; saltos creativos; coreografía con combas.
3º	8	* Deportes Alternativos (III)	Diversidade de deportes alternativos e a diferenzas cos xogos tradicionais. Celebración do Día das Letras Galegas con unha xornada de xogos tradicionais de Galicia.
	9	EcoEducación Física (III)	Orientación deportiva; coidado do entorno natural; posibilidades que ofrece a Natureza para práctica de actividade física. Escalada. Iniciación á Marcha nórdica. Roteiro de Sendeirismo pola localidade.

TEMPORIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS PARA 4 º ESO [VER ESPECIFICACIÓN E PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA]			
TRIMESTRE	Nº	UD	TEMÁTICA
1º	1	Avaliación inicial	Avaliación inicial; normas asignatura, NOFC; retos individuais e cooperativos; circuitos de axilidade, coordinación e equilibrio. Medidas de atención á diversidade. Explicación de Aula Virtual, plans e proxectos.
	2	#BeActive (IV)	Condición física; métodos de traballo; alimentación; estilo de vida activo, saudable e autónomo; musculatura implicada nos diferentes movementos.
	3	* Actividades de ritmo e expresión	Ximnasia, bailes e danzas, ioga. Actividades dirixidas con base musical.
	4	O meu plan de traballo persoal	Elaboración e posta en práctica dun plan de traballo persoal.
2º	5	Primeiros auxilios (II)	Protocolo PAS, Posición Lateral Seguridade, RCP (Maniqués e DESA).
	6	Deportes de raqueta	Bádminton, Speedball, Ping Pong.
	7	Jumping - Combas (IV)	Comba individual e longa (IV); diversidade de técnicas de entrada-saída, saltos creativos; coreografía con combas. (Vinculado ó Proxecto de Vida Activa e Deportiva con coreografía final).
3º	8	* Deportes Alternativos e Xogos Tradicionais	Diversidade de deportes alternativos e a diferenzas cos xogos tradicionais. Celebración do Día das Letras Galegas con unha xornada lúdica de xogos tradicionais de Galicia (organización do evento a través da Aprendizaxe-Servizo).
	9	EcoEducación Física (IV)	Orientación deportiva, sendeirismo, marcha nórdica, coidado do entorno natural; posibilidades que ofrece a Natureza para práctica de actividade física e posibilidades para a práctica no noso Concello. Roteiro de Sendeirismo pola localidade.



17. ADAPTACIÓNS DA PROGRAMACIÓN A DIFERENTES ESCENARIOS.

A Programación adaptarase seguindo as indicacións das autoridades educativas e do equipo directivo.

17.1. ENSINO PRESENCIAL.

A Programación Didáctica seguirase do xeito exposto anteriormente.

17.2. ENSINO SEMIPRESENCIAL.

Para aquel alumnado que, por diversas circunstancias, non pode acudir ao centro de maneira regular durante un periodo de tempo prolongado e sexa preciso seguir o proceso de ensino-aprendizaxe dende o domicilio.

Terase en conta o período de tempo que non acudirá ó centro. Durante o periodo no que o alumnado ten que seguir de maneira virtual o proceso de aprendizaxe, os criterios serán os seguintes:

- O alumnado enviará vídeos da práctica de exercicio físico establecido segundo as pautas fixadas; estes vídeos enviaranse a través da Aula Virtual do centro educativo. Terán un peso dun 60% na cualificación.
- Tarefas e traballos enviados a través da Aula Virtual: terán un peso dun 40% na cualificación.
- A cualificación final será a suma das porcentaxes anteriores.
- Tódalas actividades e tarefas deberán ser enviadas dentro do prazo sinalado.

Durante o periodo no que o alumnado acuda de maneira presencial seguirase a Programación segundo o establecido para o ensino presencial.

Tanto para o acceso ós contidos como para a comunicación co alumnado, empregárase a Aula Virtual, ó igual que o alumnado do seu grupo e, como recurso para acceder ás explicacións, empregárase a plataforma WebEx.

Para a comunicación coas familias empregárase a plataforma Abalar.

Para a cualificación final, serán aplicados os criterios de proporcionalidade facendo a media, tendo en conta o tempo no que o alumnado non puido acudir presencialmente ó centro educativo e o tempo no que sí acude de xeito presencial.

17.3. ENSINO NON PRESENCIAL.

No caso de que tiveramos que seguir un proceso de ensino-aprendizaxe non presencial no centro educativo, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Empregarase a Aula Virtual co alumnado, tanto para seguir a Programación, acceder ós apuntamentos e recursos, enviar tarefas... así como para a comunicación co alumnado.
- Para a comunicación coas familias empregárase a plataforma Abalar.
- Tratarase de potenciar entre o alumnado a práctica de exercicio físico durante, alomenos, tres días á semana, empregando metodoloxías activas que lles permitan acadar as Competencias Clave.
- Teranse como referencia os Criterios de Avaliación e os seus Estándares asociados. B1.1, B1.3, B1.5 (para 1º, 2º e 3º de ESO), B1.6 (para 4º de ESO), B3.1 e B3.2.

A dinámica será a seguinte:

- O alumnado enviará vídeos da práctica de exercicio físico establecido segundo as pautas fixadas; estes vídeos enviaranse a través da Aula Virtual do centro educativo. Terán un peso dun 60% na cualificación.
- Tarefas e traballos enviados a través da Aula Virtual: terán un peso dun 40% na cualificación.
- A cualificación final será a suma das porcentaxes anteriores.
- Tódalas actividades e tarefas deberán ser enviadas dentro do prazo sinalado.